

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE RIBADAVIA DE 12 DE NOVEMBRO DE 2021.

No Salón de sesións da Casa do Concello de Ribadavia, sendo as trece horas e e dous minutos do día 12 de novembro de 2021 reúnese en sesión extraordinaria, e en primeira convocatoria, o Concello Pleno, coa asistencia dos Sres./as. Concelleiros/as que se indican:

Concelleiros/as :

D^a NOELIA RODRÍGUEZ TRAVIESO (ALCALDESA)
D. MANUEL VÁZQUEZ LÓPEZ (PSOE)
D^a CRISTINA OTERO ALONSO (PSOE)
D. BRAIS FIDALGO MARTINEZ(RBC)
D^a PAULA RODRÍGUEZ DOMÍNGUEZ (RBC)
D ENRIQUE RODRÍGUEZ ALEJOS (RBC9
D CÉSAR FERNÁNDEZ GIL (PP)
D MIGUEL GARCÍA DOMÍNGUEZ (PP)
D^a MARIA LUZ EXPOSITO PEREZ (PP)
D^a CLARA LOEDA SOTO (PP)
D^a YOLANDA GÓMEZ GÓMEZ (PP)
D^a MARÍA TERESA RODRÍGUEZ ESTEVEZ (BNG)

Non asiste don José Ignacio Gómez Pérez (PSOE).

Alcaldesa BOS DÍAS A TODOS E TODAS. IMOS DAR COMENZO Á SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE 12 DE NOVEMBRO DE 2021. TENSE CONVOCADO CON CARÁCTER EXTRAORDINARIO, DADO QUE OS PRAZOS DE EXECUCIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIONS NON PERMITEN DEMORAR ESTAS CUESTIÓNS ATA A SESIÓN ORDINARIA DE ESTE MES

1 Expediente de modificación de créditos 8/2021.

A proposta de acordo é do seguinte tenor literal:

PRIMEIRO. Que se aprobe inicialmente o expediente de modificación de créditos núm.8/2021, na modalidade de crédito extraordinario, de acordo co seguinte resumo por capítulos:

1º CREDITOS NECESARIOS:

- **Creditos extraordinarios (Partidas non existentes no Orzamento)**

<i>Partida orzamentaria</i>	<i>Consignación anterior</i>	<i>Aumento que se prop.</i>	<i>Total</i>	<i>Fins</i>
459.61900	4.972,26	4.972,26	4.972,26	Aportación municipal a obra denominada "Recuperación do Lavatorio do Cano en Francelos"
171.61900	4.068,56	4.068,56	4.068,56	Aportación municipal a obra denominada " Mellora do parque infantil de Francelos".
231.48000	34.000	4.500	34.500	Atencións benéficas e asistenciais (Convenio Caritas e Cruz Vermella).

R E S U M O

Tota creditos extraordinarios e suplementos de crédito Total créditos necesarios 13.540,82

IMPORTE TOTAL DA OPERACION..... 13.540,82

=====

2º.- FINANCIAMIENTO

Para financia-los créditos sinalados no apartado anterior, pódense arbitrar-los seguintes recursos:

- a) *Con cargo ó Remanente Líquido de Tesourería.*
- b) *Con cargo a novos ou maiores ingresos recadados sobre os totales previstos nalgún concepto do orzamento corrente.*
- c) *Con cargo a anulacións ou baixas de créditos doutras partidas do Orzamento vixente non comprometidas, cuxas dotacións se estimen reducibles sen perturbación do respectivo servizo, segundo o detalle que segue:*

<i>Partida orzamentaria</i>	<i>Consignación anterior</i>	<i>Disminución que se prop.</i>	<i>Total</i>
16000.221	536.966,38	6.500	530.966,38 (1)
12003.133	36.644,94	7.040,82	29.604,12 (2)

Total disminución que se propón-----13.540,82

(1) Seguridade Social a cargo da empresa das prazas vacantes existentes no orzamento municipal.

2) Retribuciones básicas (Salario base) das prazas vacantes da Policia Local.

=====

RESUMO

- *Cantidade que se utiliza procedente do Remanente Líquido de Tesourería-----
0 euros.*
- *Cantidade que se utiliza procedente de novos o maiores ingresos recadados sobre
os totales previstos nalgún concepto do orzamento corrente----- 0 euros.*

*Cantidade que se utiliza procedente de anulacións ou baixas de créditos doutras partidas
do Orzamento vixente non comprometidas, cuxas dotacións se estimen reducibles sen
perturbación do respectivo servizo-----13.540,82 euros*

SEGUNDO. Que se expoña este expediente ao público mediante un anuncio inserido no *Boletín Oficial da Provincia de Ourense*, por un prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o devandito prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Alcaldesa.- A PRESENTE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA RESPONDE A TRES FINALIDADES A APORTACIÓN MUNICIPAL PARA AS ACTUACIÓN SUBVENCIONADAS DO LAVADOIRO DO CANO EN FRANCELOS , E DE MELLORA DO PARQUE INFANTIL DE FRANCELOS, E PARA OS CONVENIOS CON CARITAS E CRUZ VERMELLA.

D Brais Fidalgo Martínez, portavoz do goberno.- O expediente estivo a disposición de calquera concelleiro interesado. Onte a tarde o interventor remitiu a memoria de alcaldía e o seu informe. A operación está plenamente avalada polo informe de intervención. Me ofrezco a aclarar calquera dúbida que poida xurdir.

D^a María Teresa Rodríguez Estévez(BNG).- Espero que as restauracións e actuacións en parques infantís se estendan a outros pobos.Nalgúns pobos están nun estado desastroso, mesmo sería mellor retiralos.

As axudas para os convenios de Caritas e Cruz Vermella, tiñan que ser antes. ¿ Sabemos canto vai a percibir cada asociación?

D César Fernández Gil (PP).- Imos votar a favor.

D Brais Fidalgo Martínez, portavoz do goberno.- O goberno concorda en que fan falta máis actuacións nos parques. Se tivesemos máis recursos se arranxarían todos. Se actuaría en máis se houbera máis subvencións de administracións superiores. Ogallá a Deputación colaborara neste e noutros temas como fai con concellos do noso entorno de menos poboacion que Ribadavia. É necesario e xusto arranxar outros, como por exemplo, os de San Paio e San Cristovo.

Se dan 2500 euros a Cruz Vermella e 2000 para Caritas.

A temporalidade ven condicionada porque o concello xa estivo facendo axudas reais dende xuño: bono social, bono de natalidade, axuda enerxética, alugueiros, etcétera... O concello se preocupa polos veciños aos que as eléctricas roban a mano armada.

Se tenta actuar primeiro dende o público.

Esas asociacións fan unha gran labor cos xoguetes para nenos, coa axuda en novembro, poden actuar en nadal.

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade.

2 Adxudicación operación de tesourería.

DONA NOELIA RODRIGUEZ TRAVIESO, ALCALDESA DO CONCELLO DE RIBADAVIA, en relación co expediente para a concertación dunha operación de tesourería y unha vez vista a proposta da Mesa de contratación, ten na ben presentar o Pleno a seguinte PROPOSTA:

Concertar coa entidade financeira Abanca S.A. un crédito para cubrir desfases transitorios de tesourería por importe de 350.000 euros, coas seguintes características:

- a) Tipo de interés variable : Euribor a 12 meses +0,34%. Interés mínimo resultante: 0%.
- b) Comisión de apertura :0%.
- c) Comisión de non disponibilidad :0%.
- d) Comisión de excedido: exenta.
- e) Interés de demora:0,75% por enriba do interés debedor en cada momento do cálculo.
- f) Prazo de amortización:1 ano
- g) Liquidación de intereses: Anual.
- h) Recursos afectados como garantía: A totalidade dos recursos do concello de carácter ordinario non comprometidos por outras operacións de préstamo ou crédito, nos termos do artigo 49 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo.

Alcaldesa.- A presente modificación orzamentaria realízase coa finalidade de cubrir desfases transitorias de tesourería, e concertase nunhas condicións sumamente beneficiosas para as arcas municipais, mellorando as condicións da anterior operación.

D Brais Fidalgo Martínez, portavoz do goberno.- A apertura das plicas foi o día 10, os grupos da oposición estaban convocados e non asistiron. Había unha gran diferenza entre as ofertas a favor da adxudicataria.

D^a María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- Non puiden asistir por motivos laborais.

Sometida a votación a proposta é aprobada co voto a favor de PSOE (3), RENC (3) e abstención de PP (5) e BNG (1).

3 Aprobación municipal inicial desafectación do Edificio da Alameda.

Considerando que o Pleno do concello de Ribadavia na súa sesión de 28 de decembro de 2020 adoptou o seguinte acordo:

Considerando que este Concello é propietario do edificio escolar con cualificación xurídica de ben de dominio público, sito en rúa Carlos Casares, na Alameda desta localidade

Considerando que o expresado edificio atópase actualmente en desuso.

Acordase::

Solicitar da Consellería de Cultura, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia autorización para proceder á desafectación do edificio , anteriormente de uso escolar, sito na Alameda, Carlos Casares, titularidade do concello de Ribadavia.

Considerando que con data de 5/11/2021 a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e Universidade acordou:

Conceder a autorización previa á desafectación do edificio Alameda, do CEIP Plurilingüe de Ribadavia, situado na rúa Carlos Casares 5, no concello de Rivadavia (Ourense).

PROPONSE A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a desafectación do edificio público de dominio público da Alameda, rúa Carlos Casares, cambiando a súa cualificación de ben de dominio público a ben patrimonial.

SEGUNDO. Publicar este Acordo no *Boletín Oficial da Provincia* e no taboleiro de anuncios do Concello durante o prazo dun mes, para que durante este período se presenten as alegacións que se estimen pertinentes.

Alcaldesa.- O PLENO DO CONCELLO DE DECEMBRO DE 2020 SOLICITOU Á DESAFECTACIÓN DO EDIFICIO DA ALAMEDA, DO CEIP PLURILINGÜE RIBADAVIA ,Á CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE.

A PETICIÓN REITEROUSE , EN VARIAS OCASIÓNS, POR ESCRITOS DE ALCALDÍA. ATA A SEMANA PASADA NON SE OBTIVO A AUTORIZACIÓN DA CONSELLERÍA DE CULTURA O QUE IMPEDÍA CONTINUAR COA TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE.

RECIBIDA DITA AUTORIZACIÓN, ONCE MESES DESPOIS, PARA UN TRÁMITE DO MÁIS SINXELO, QUE SE PODE REALIZAR, SE HAI A MÁIS MÍNIMA VONTADE NUNS DÍAS, O CONCELLO CONTINÚA COA TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE COA PRESENTE PROPOSTA DE ACORDO.

D Brais Fidalgo Martínez, portavoz do goberno.- Como goberno estamos sorprendidos pola lentitude da Xunta neste expediente. Está pendente e orzamentado pola Xunta a actuación no edificio para a Galiña Azul, solicitar que se axilicen os trámites pola Xunta de Galicia. Esperemos que haxa un apoio unánime do pleno no caso de que no sexa ese o comportamento da Xunta de Galicia,

Dª María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- Nos sorprende a data de recepción da autorización da Xunta. Recordo aquel pleno tan tenso en que se solicitou á Xunta a autorización para a desafección. Cando se marchou o colexio, por desgraza, é imposible que volte.O mellor é que veña a Galiña Azul ou outro uso.

D César Fernández Gil (PP).- Como sempre neste tema , estamos a favor.

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade.

E sendo as 13 horas e trinta e cinco minutos e non habendo máis asuntos que tratar a Alcaldesa- Presidenta levanta a sesión.